

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de decembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 17361 (10/CPC-000029)

Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 12891 (10/POC-002197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio e os datos necesarios para a análise das necesidades de medios e personal, así como a instalación do Servizo de Hemodinámica 24 horas no HULA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

2.2 19884 (10/POC-003248)

Grupo Parlamentario de En Marea


Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2017 para a concesión das prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o tempo medio de espera para o pagamento destas axudas nos últimos anos e a opinión do Goberno galego respecto da súa axilización, así como o establecemento para o futuro da obriga de ditar resolución expresa para todas as solicitudes

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

2.3 20324 (10/POC-003301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo, así como a avaliación das súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 05/12/2017 13:24:07